

Membros Xunta Directiva

Presidenta: *Marisa Yáñez Villaverde*
Vicepresidente: *Marcos Vázquez Gómez*
Tesoureiro: *J. Carlos Otero Quintián*
Secretaria: *María Jesús Santamariña Núñez*

Vocal: *Francisco García Pérez*
Vocal: *Andrés Dopico Pena*
Vocal: *Ana Tome Morandeira*
Vocal: *Marta Castro López*
Vocal: *Fernando Suárez Menéndez*

Extracto da sesión celebrada pola asemblea ordinaria da ANPA do CEIP Francisco Vales Villamarín o día 10 de xuño de 2011

Iníciase a asemblea en segunda convocatoria ás 19.30h. Asisten como membros da Xunta directiva: M^a Luísa Yáñez, Marta Castro, Fernando Suárez, Francisco García, Andrés Dopico, Ana Tomé e M^a Jesús Santamariña. Á asemblea asisten 25 socios/as, incluídos os membros da xunta directiva. Os puntos a tratar son os seguintes:

- 1. Aprobación da acta anterior.** A acta foi remitida aos socios/-as con anterioridade á reunión. Apróbase por unanimidade, sen comentarios.
- 2. Información das xestións realizadas en relación as suxestións e queixas da última asemblea.** Danse por solucionados os seguintes puntos:
 - Extensión das Axendas escolares ao 1^o Ciclo. Consultado o profesorado, non se estima necesario.
 - Situación da reclamación ante o Valedor do Pobo pola falta de profesorado de reforzo educativo. A reclamación foi desestimada, alegando que dita institución non pode poñer en cuestión criterios ou medidas organizativas que dependan de previsións orzamentarias, pois enmárcanse dentro da acción política. A institución lamenta a situación de insatisfacción que se reflicte no escrito presentado pola ANPA e que se produce inevitablemente cando non poden ser atendidas as lexítimas demandas dos pais, pero non detecta na actuación do órganos da Administración educativa ningún incumprimento das súas obrigas.
 - Situación da reclamación de persoal administrativo. A reclamación dun segundo administrativo continua sen ser atendida por parte da administración, a pesar de superar amplamente o n^o de alumnado que se require por lei para contar con dous administrativos (1 administrativo/400 alumnos/-as).
 - Plan de Autoprotección e simulacros de evacuación. Aprobouse o Plan de autoprotección no Consello Escolar, quedando pendente a realización do simulacro de evacuación para o primeiro trimestre do vindeiro curso.
 - Retirar valla metálica amarrada cun arame no patio descuberto. Efectuouse dita retirada.
 - Acurtar o tempo de duración das asembleas. Aténdese dita petición, procurando que o tempo medio de duración non exceda a hora e media.
 - Animar aos pais/nais presentes a presentarse ás eleccións ao Consello Escolar. Presentáronse ao Consello Escolar tres pais socios da ANPA, saíndo elixido Juan Luís García Díaz.
 - Vai mandar o Concello este curso coidadora para E. Infantil?. Si foi enviada a coidadora para o presente curso.

- Preguntase se hai algún plan de desinfección, dado que existen casos de picaduras de arañas (2). Respóndese que si que existe un plan de desinfección que foi levado a cabo no período estimado. Ademais, membros do equipo directivo da ANPA levaron a cabo unha inspección visual sobre as aulas en cuestión, non detectándose ningún rastro de arácnidos dentro do edificio.
- Falta de cuberta no patio de infantil o que provoca problemas para a saúde dos rapaces tanto os días de sol como de choiva. Calquera obra a realizar no colexio estará supeditada ao plan de reforma integral, posterior a construción do novo colexio de E. Infantil.
- Por en marcha un programa de doazón de libros de texto, en colaboración con outras entidades. (Esta suxestión vén da asemblea de xuño de 2010). Vaise levar a cabo dito programa en colaboración coa Cruz Vermella.
- Establecer reunións conxuntas ANPA Brigantium – ADC Vales Villamarín. Mantivéronse varias reunións ao longo do curso co obxectivo de buscar unha fórmula para que os socios/as da ANPA tiveran algún tipo de beneficio na ADC e viceversa, culminando coa fusión das dúas asociacións.

3. Reorganización da Xunta Directiva. Causan baixa a presidenta, Marisa Yáñez Villaverde, o tesoureiro, J. Carlos Otero Quintián, o vicepresidente, Marcos Vázquez Gómez, a secretaria, María Jesús Santamariña Núñez e os vocais, Andrés Dopico Pena e Ana Tome Morandeira. Anímase aos presentes a sumarse á Xunta directiva para o vindeiro curso.

Informase, asemade, de que o actual equipo directivo do colexio causa baixa o 30 de xuño e de que non se presentou ningún proxecto de dirección, polo que será inspección educativa quen nomee ao director.

4. Xestión do Comedor e Madrugadores. Infórmase do número de alumnos que están usando o comedor (123) e o servizo de madrugadores (53), sendo o persoal que atende o servizo o establecido por lei.

A xestión do Comedor continuará como ata agora, a través da Federación de ANPAS de A Coruña, cun contrato de dous anos coa mesma empresa, "Eurest- Escolarest", cuxos prezos para o próximo curso escolar son os que se detallan a continuación, revisándose para o curso 2012-2013 en función do IPC e do convenio hostalería.

Fixo comedor 5 días/semana:	85,00€
Fixo comedor 4 días/semana:	69,03€
Fixo comedor 3 días/semana:	51,96€
Fixo comedor 2 días/semana:	34,81€
Fixo comedor 1 días/semana:	17,51€
Esporádico	6,25€

Como a FEDAPA non xestiona o programa de Madrugadores, a ANPA chega a un acordo co Concello en outubro do 2010 para que este se faga cargo do programa ao longo do curso 2010-2011. Compromiso non adquirido no presente curso escolar, pero recollido no programa electoral do PP. Mentres tanto, a ANPA farase cargo do servizo.

Recórdase que todos os alumnos/as que queiran usar os servizos de comedor / madrugadores deberán ter abonada, con anterioridade ao uso destes servizos, unha matrícula de 20€/curso/familia á ANPA. Esta matrícula será gratuíta para os socios/as.

5. Axendas escolares para o curso 11/12. Continuará entregándose no 2º e 3º ciclo. Pídese de novo a colaboración dos pais e nais na súa revisión e utilización, para favorecer a súa implantación.

6. Plans aprobados no Consello Escolar durante o 2010-2011:

- Plan de Autoprotección: Pretende unha actuación coordinada e planificada no caso de producirse unha emerxencia.
- Plan de Xestión do Centro: Regula a xestión dos recursos humanos e materiais do centro
- Continuidade do Plan de mellora da biblioteca escolar: Promove a organización, actualización e dinamización da biblioteca de centro, entendida como un centro de recursos de lectura, información e aprendizaxe.
- Solicitud do Proxecto Abalar: Vertebrada as estratexias para a integración plena das TIC (Tecnoloxías da Información e Comunicación) na práctica educativa en Galicia, no marco do proxecto Escuela 2.0, do Ministerio de Educación.

Queda pendente para o próximo curso:

- A revisión e aprobación do Plan Educativo do Centro (PEC): documento marco polo que se rexeñen todos os centros educativos.
- Solicitud do proxecto de seccións bilingües: cuxa finalidade é reforzar as aprendizaxes da lingua estranxeira a través da incorporación parcial do seu uso como vehículo de comunicación nalguna outra materia distinta da propia, como matemáticas, educación física, coñecemento do medio...

7. Situación da demanda do novo colexio de infantil (3-6 anos).

Os obxectivos que se pretenden son os seguintes:

- A finalización das obras do colexio novo en Semana Santa do 2012.
- A reforma integral do actual colexio. A licitación do proxecto en decembro do 2011, para poder iniciar a reforma no verán do 2012, unha vez construído o novo colexio, rematando en setembro a execución da obra.

A urxencia nos prazos débese a saturación na que se atopará o colexio o vindeiro curso debido ao aumento de matrícula, 45 alumnos/-as máis que o curso que remata. En total 949 alumn@s, sen contar cos que se seguirán inscribindo fora de prazo e ao longo do curso.

Para dar cabida a este novo alumnado precisaranse 3 aulas a maiores, unha de 4º Infantil (3 anos), unha de 6º Infantil (5 anos) e unha de 1º Primaria (6 anos), o que supón a desaparición das tres últimas aulas específicas que quedaban, unha aula de inglés, unha aula de atención ao alumnado con necesidades educativas específicas e unha aula almacén.

8. Actividades Extraescolares nas que participou a ANPA no presente curso.

Para nais e pais leváronse a cabo as seguintes xornadas:

- Xornada de coñecemento do colexio a cargo do equipo directivo
- Xornada Educación para o Consumo, organizado polo colexio en colaboración coa ANPA.
- Uso seguro de INTERNET (organizado polo colexio)
- Xornada de formación de directivos de ANPAS (organizado por CONFAPA Galicia)
- Xornada: “que lles digo?”. Dirixido a directivos de ANPAS (organizado por CONFAPA Galicia)
- Xornada informativa LOPD: “Lei de protección de datos”
- Recollida de libros en colaboración coa Cruz Vermella.
- Convenio con ACEBE: Tendas con desconto

Para alumn@s:

- Certame de Debuxo FERTIBERIA
- Mago Benxamín, no Nadal

9. Actividades Extraescolares previstas pola ANPA para o vindeiro curso.

A programación de actividades previstas para nais e pais no vindeiro curso é a seguinte:

- Xornada de coñecemento do Colexio a cargo do equipo directivo
- Xornada Primeiros Auxilios: “Que non facer en caso de accidente”. Para profesores
- Xornada: “Quen educa aos nosos fillos?": Programadas xa no curso pasado., pero pendentas de organizar.
- *As necesidades da infancia e a xuventude fronte as institucións nas que se desenvolven: familia, escola e sociedade (Fernando Márquez)*
- *O fomento dos hábitos culturais na infancia e na xuventude como tarefa de todos (Héctor Pose)*

Para alumn@s:

- Certame debuxo FERTIBERIA
- Clown galego: PETER PUNK, para Nadal.

10. Información dos institutos de ensino secundario en Betanzos

Dita información está baseada en datos aportados polos propios centros, a petición da ANPA, e centrada nos proxectos que se desenvolven en cada un e nos datos académicos da anterior promoción de ESO e Bacharelato, así como dos resultados acadados na selectividade. Destacan os Agrupamentos específicos e o Plan de convivencia e o de prevención de absentismo escolar no IES “As Mariñas” e a Sección Bilingüe no “Francisco Aguiar”.

Os resultados académicos non son comparables para unha única promoción, xa que hai que ter en conta que o nº de alumnado do IES As Mariñas é moito menor e, polo tanto, os datos menos contrastados.

11. Suxestións, queixas e preguntas.

As preguntas realizadas foron as seguintes:

- ¿Poderá o alumnado doutros colexios participar nas actividades extraescolares organizadas pola ANPA para o vindeiro curso?. Esta decisión terá que ser adoptada pola nova xunta directiva.
- ¿Onde se realizará a actividade de ximnasia rítmica? O grupo de 3-6 anos na aula de usos múltiples do edificio de E. Infantil e os grupos de 7-8 anos e 9-12 anos no pavillón polideportivo.
- Pregúntase finalmente polo estado da cesión dos terreos á Consellería de Educación. Infórmase que despois da aprobación en pleno da cesión, a xunta directiva non tivo ningunha notificación por parte da alcaldía de que tal cesión fora levada a cabo, confiando en que realmente así fora.

Sen máis asuntos que tratar péchase a sesión ás 21.00h

Pendente de aprobación